

## **A Xunta de Persoal Docente de Lugo denuncia a falta de transparencia e respecto por parte da administración educativa á hora de negociar as vacantes do Concurso de Destinos Provisionais**

A Xunta de Persoal Docente da provincia de Lugo expresa a súa profunda preocupación e descontento ante a situación que se está vivindo este ano en relación coa reunión anual de negociación de vacantes docentes do Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais (CADP) coa Xefatura de Inspección educativa de Lugo. Esta reunión, que habitualmente se celebraba a comezos do mes de xullo, vén sendo retrasada progresivamente nos últimos anos, chegando ao punto alarmante de que, este ano, a convocatoria se enviou o mesmo día no que estaba prevista a adxudicación provisional do CADP.

Ademais, non só se convocou tarde a reunión, senón que tamén se enviou tarde a listaxe de vacantes. Esta información é esencial para que a Xunta de Persoal poida coordinarse cos centros de ensino e identificar as necesidades de profesorado adicionais para o vindeiro curso. A falta desta información imposibilita o correcto desenvolvemento das funcións da Xunta, concretamente a negociación das vacantes solicitadas polos centros.

A situación agrávase debido a que a adxudicación definitiva de destinos provisionais está prevista para o vindeiro venres 2 de agosto. Nestes termos, unha reunión convocada tan tarde só poderá ter un carácter meramente informativo, eliminando calquera posibilidade de negociación efectiva das vacantes.

Esta demora e falta de comunicación representan un desprezo absoluto á comunidade educativa e un incumprimento flagrante das responsabilidades da administración educativa. A Xunta de Persoal Docente denuncia esta situación como unha falta de respecto ao seu traballo e unha clara falta de transparencia, xa que, sen unha negociación real, a administración educativa ten a capacidade de impoñer unilateralmente recortes no persoal docente.

A Xunta de Persoal Docente de Lugo insta á administración a cumprir cos seus compromisos e a respectar os procesos de negociación establecidos, garantindo así unha planificación adecuada e xusta das necesidades educativas da provincia.

Xunta de Persoal Docente da provincia de Lugo